

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 22-07-2026, ditou a resolución con número 2118/2026 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Convocatoria de asignación de usos instalacións deportivas municipais para a actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2026 / 2027.

1. CONSIDERACIÓNS.

1. A Lei de Bases de Réximen Local (en adiante LBRL), no seu artigo 26 apartado 1, letra c, determina que os concellos maiores de 20.000 habitantes deben prestar, en todo caso, servizos de instalacións deportivas de uso público.

2. A Lei do Deporte de Galicia (en adiante LDG), no seu artigo 8, establécese que os concellos exercerán no seu ámbito territorial as seguintes competencias entre outras:

- Construír, xestionar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómicas cuio uso e cuia xestión lles sexan concedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.
- Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.
- Procurar que nos plans de ordenación urbanísticos se establezan as reservas de espazos e cualificacións de zonas para a práctica do deporte, así como a instalacións de equipamentos deportivos e levar censo actualizado no seu ámbito territorial de instalacións deportivas de uso público, tanto de titularidade pública como privada

3. A LDG en virtude das competencias establecidas no artigo 8 da mesma lei para os municipios, o Concello de Carballo considera a colaboración co Asociacionismo Deportivo do ámbito territorial propio como piar básico para acadar un sistema deportivo participativo, amplo e diversificado e cumprir ca encomenda de fomento e protección do dereito ó coñecemento e á práctica do deporte. É inequívoco o mandato lexislativo ó Concello de Carballo para dotar as instalacións deportivas de uso público que satisfagan as demandas dos seus veciños, e en especial das entidades privadas sen ánimo de lucro adicadas a práctica e fomento do deporte.

2. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Ordenanza fiscal núm. 22 do Concello de Carballo, reguladora das taxas pola utilización das instalacións deportivas municipais e pola prestación de servizos deportivos.
- Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as bases de convocatoria de asignación de uso das instalacións deportivas para actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2026 / 2027

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA DE INICIATIVA PRIVADA CO PATROCINIO MUNICIPAL PARA A TEMPADA 2026/2027

Primeiro.- Obxecto e Finalidade.

O obxecto da presente convocatoria é a asignación de usos das instalacións deportivas municipais para o desenvolvemento de actividade física ou deportiva (adestramentos, competicións e organización de eventos deportivos dentro das instalacións deportivas) durante a tempada 2026/2027, destinada ás entidades deportivas e/ou educativas sen ánimo de lucro do municipio de Carballo, xa sexan instalacións propias ou instalacións cuxo uso fose cedido ao Concello de Carballo fóra do horario lectivo mediante acordo con outras administracións.

Debido a que no Concello de Carballo existe un elevado número de entidades deportivas que non dispoñen de instalacións para realizar os seus adestramentos, competicións ou eventos deportivos, a Concellaría de Deportes pretende, logo da correspondente solicitude previa, realizar un reparto das horas libres semanais dispoñibles nas ditas instalacións entre todas as entidades deportivas interesadas. Para iso utilizarase un procedemento de concorrencia competitiva.

Correspóndelle ao Concello de Carballo, a través da Concellaría de Deportes, a promoción do deporte e a utilización das instalacións deportivas, competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 25.2. Esta mesma competencia tamén lle é recoñecida aos municipios pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. Así mesmo, a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece no seu artigo 8, entre as competencias dos municipios, as seguintes:

- Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar.
- Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, no seu caso, a xestión e mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e xestión lles sexan cedidos.
- Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e garantir a súa debida hixiene e seguridade.

En base a todas estas competencias, esta Concellaría ten por obxecto optimizar os recursos dos que dispón, co fin de mellorar o aproveitamento de todas as instalacións deportivas existentes no Concello.

Facúltase á Concellaría de Deportes do Concello de Carballo para aprobar as condicións xerais adicionais de uso das instalacións deportivas por causas de forza maior ou por aquelas

circunstancias que o servizo estime oportunas.

Non se ofertarán as horas das instalacións deportivas necesarias para a realización de competicións. No caso de que durante a tempada 2026/2027 deban celebrarse competicións en horas asignadas a calquera dos beneficiarios desta convocatoria, estes deberán deixar libres esas horas para a súa celebración, sen dereito a ningún tipo de compensación.

Segundo.- Réxime xurídico e normativa aplicable

Tanto o reparto das horas como o uso das instalacións deportivas municipais deberán realizarse respectando as bases reguladoras desta convocatoria e, en todo caso, a normativa vixente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Ordenanza fiscal núm. 22 do Concello de Carballo, reguladora das taxas pola utilización das instalacións deportivas municipais e pola prestación de servizos deportivos.
- Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo.
- No caso das instalacións cuxo uso estea conveniado coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia a través dos centros educativos, deberán respectarse as normas de uso establecidas nos correspondentes acordos.

Terceiro.- Beneficiarios

Poderán solicitar mediante este procedemento o uso das instalacións deportivas municipais os clubs, asociacións e demais entidades de carácter deportivo que cumpran os seguintes requisitos específicos:

- a)** Entidades deportivas con sede social no municipio de Carballo, definidas no artigo 40 da Lei do deporte de Galicia: clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares, seccións deportivas e federacións deportivas, todas elas sen ánimo de lucro.
- b)** Deportistas individuais con licenza federativa e empadroados no municipio de Carballo que precisen das instalacións deportivas municipais para a realización de adestramentos. Considérase deportista individual aquela persoa que practique unha modalidade deportiva de carácter individual. Terá a consideración de deporte individual aquela modalidade deportiva que sexa practicada por un ou dous deportistas como máximo, segundo o establecido no seu regulamento.

Cuarto.- Instalacións obxecto da convocatoria

1. Inclúense nesta convocatoria as instalacións deportivas municipais de titularidade do Concello e aquelas cuxo uso foi conveniado con outras administracións e que figuran no Anexo II.
2. En todas estas instalacións existen, na actualidade, horas dispoñibles que poden ser

ofertadas para uso deportivo. Non obstante, esta dispoñibilidade poderá variar ao longo do ano para ampliar a oferta da programación municipal ou para dar cobertura ás competicións deportivas que deban celebrarse nas instalacións. Do mesmo xeito, poderá limitarse temporalmente o uso dalgunhas instalacións como consecuencia da realización de obras ou por motivos sanitarios.

3. O Servizo de Instalacións Deportivas ten definido o uso deportivo de cada instalación, polo que non poderá destinarse a usos diferentes dos previstos. En consecuencia, non se admitirán aquelas solicitudes que pretendan desenvolver actividades distintas das indicadas no Anexo II.
4. Cada entidade solicitará as instalacións e o número de horas que considere necesarias en función da modalidade deportiva que practique, do número de equipos e do número de licenzas deportivas.
5. Os usos distribuiranse nas franxas horarias dispoñibles, unha vez efectuadas as correspondentes reservas en función de:
 - As necesidades do propio Servizo Municipal de Deportes para o desenvolvemento das actividades organizadas directamente polo Concello ou doutros programas municipais de apoio ás entidades sociais.
 - As horas necesarias en aplicación dos acordos cos centros educativos que utilizan as instalacións municipais para desenvolver as actividades físicas do alumnado que cursa o ensino obrigatorio e, de ser o caso, as actividades extraescolares.
 - As horas necesarias para a celebración de competicións oficiais desenvolvidas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola Administración deportiva, que non serán obxecto de oferta nesta convocatoria.

Con carácter excepcional, o Servizo de Instalacións Deportivas poderá autorizar a celebración de competicións organizadas por entidades distintas daquelas ás que lles foi concedida a franxa horaria para adestramentos, sen que isto xere dereito a compensación algunha.

6. Durante a tempada, o Servizo de Instalacións Deportivas controlará a ocupación dos espazos deportivos co fin de evitar a súa infrautilización. No caso de detectarse algunha franxa horaria infrautilizada, poderá reasignarse para outros usos que melloren o rendemento e aproveitamento da instalación polo conxunto das entidades deportivas do Concello, logo da audiencia da entidade afectada e sen dereito a indemnización.

Para estes efectos, establécense os seguintes mínimos de ocupación:

- Fútbol 7: menos de 12 persoas de media mensual.
- Fútbol 11: menos de 16 persoas de media mensual.
- 1/3 de pista de pavillón: menos de 8 persoas de media mensual.
- Pavillón completo: menos de 10 persoas de media mensual.
- Pista de patinaxe: menos de 10 persoas de media mensual.
- Pista de natación: menos de 6 persoas de media mensual.
- Non utilizar o espazo deportivo, sen aviso nin xustificación previa, en tres ocasións ao longo da tempada.
- Para partidos de competición oficial, perderase a preferencia cando unha entidade modifique ou suspenda, sen causa xustificada pola federación correspondente, a celebración dun encontro en máis de tres ocasións durante a tempada.

7. Cada entidade deberá cumprir o disposto no artigo 23 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas, relativo á reserva de uso para clubs e entidades deportivas.

8. Cada entidade deberá solicitar as instalacións e as horas que considere necesarias en función da modalidade deportiva que practique, do número de equipos e das licenzas deportivas.

Unha mesma entidade non poderá solicitar máis dos seguintes días e horas por cada categoría:

PAVILLÓNS.

CATEGORÍA	ÁMBITO COMPETICIÓN	Nº DÍAS	Nº HORAS
Categoría senior	Competición nacional	4 días/semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categoría senior	Competición autonómica	3 días/semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categoría senior	Competición provincial	3 días/semana	Máximo 1:15 h. por sesión
Categorías de base	Competición nacional	3 días/semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categorías de base	Competición autonómica	3 días/semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categorías de base	Competición provincial	3 días/semana	Máximo 1:15 h. por sesión

CAMPOS DE FÚTBOL

CATEGORÍA	ÁMBITO COMPETICIÓN	Nº DÍAS	Nº HORAS
Categoría senior	Competición nacional	4 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categoría senior	Competición autonómica	3 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categoría senior	Competición provincial	3 días / semana	Máximo 1:15 h. por sesión
Categorías de base	Competición nacional	3 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categorías de base	Competición autonómica	3 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categorías de base	Competición provincial	3 días / semana	Máximo 1:15 h. por sesión

PISCINAS

CATEGORÍA	ÁMBITO COMPETICIÓN	Nº DÍAS	Nº HORAS
Categoría Junior / absoluto	Autonómica ou Nacional	5 días /semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categoría infantil	Autonómica ou Nacional	5 días / semana	Máximo 1:30 h. por sesión
Categoría alevín	Autonómica ou Nacional	3 días / semana	Máximo 1:15 h. por sesión
Categoría benxamín	Autonómica ou Nacional	3 días / semana	Máximo 1:15 h. por sesión
Categoría promesas	Autonómica ou Nacional	3 días / semana	Máximo 1:00 h. por sesión

Quinto.- Obrigas para participar no procedemento

Deberán cumprirse os seguintes requisitos:

1. Que se pretendan realizar actividades deportivas de adestramento cuxo principal obxectivo sexa a participación e/ou a consecución dun resultado deportivo en competicións desenvolvidas no ámbito federativo ou en competicións recoñecidas pola Administración deportiva.
2. Estar legalmente constituídas conforme á normativa vixente e debidamente inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
3. Estar legalmente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións de Carballo, coa correspondente actualización anual. A inscrición será comprobada antes da proposta de resolución provisional.
4. Ter a sede social e o domicilio fiscal no Concello de Carballo.
5. Dispoñer dunha póliza de responsabilidade civil que cubra os danos e prexuízos derivados de accións ou omisións, por culpa ou negligencia, na organización e desenvolvemento das actividades habituais, na organización de eventos deportivos e no uso de locais e instalacións deportivas, por un importe mínimo de 600.000 €, conforme á normativa vixente.
6. Dispoñer dun seguro de accidentes deportivos contratado para cada unha das persoas deportistas que utilicen as instalacións deportivas.
7. No caso de que algunha das actividades desenvolvidas pola entidade solicitante implique contacto habitual con persoas menores de idade, deberá comprobarse que o persoal ao seu cargo cumpre co establecido na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.
8. Estar ao corrente das obrigas tributarias.
9. Participar en actividades deportivas de ámbito federado que contén con competición durante a tempada 2026/2027.
10. Respetar e cumprir o Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo (BOP nº 123, do 01/07/2014).
11. Realizar a tramitación por vía telemática:
 - Dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto para toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de forma xustificada, poderá modificarse este enderezo inicial, sempre que se comunique a circunstancia correspondente ao Concello de Carballo.
 - Dispoñer de certificado dixital ou DNI electrónico. Deberán dispoñer del a persoa que ocupe a presidencia da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións, a persoa que ocupe a secretaría da entidade e a persoa que represente a entidade perante o Concello de Carballo, no caso de ser distinta das anteriores.
12. Facer constar a colaboración do Concello de Carballo en toda a información (impresa, dixital ou audiovisual) das actividades obxecto desta convocatoria.
 - No caso de medios radiofónicos, megafonía ou outros medios de difusión, darase publicidade á colaboración do Concello de Carballo. Nos restantes soportes figurarán, en lugar visible e destacado, os logotipos do Concello de Carballo e de Carballo Deporte.
 - Na vestimenta deportiva de competición figurarán, en lugar visible e destacado, os logotipos do Concello de Carballo e/ou de Carballo Deporte, previa consulta á Área de Deportes do Concello de Carballo, que determinará o modo no que deberán figurar.

- As publicacións, carteis, publicidade e toda a produción relacionada coas actividades deberán estar redactadas en lingua galega, conforme ao establecido na Ordenanza para o impulso social da lingua galega do Concello de Carballo.
- 13. As horas de adestramento asignadas destinaranse aos equipos aos que se lles concedeu o uso. O Servizo de Instalacións Deportivas resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o cumprimento desta norma, podendo suspender de maneira inmediata a concesión de uso á entidade que incumpra o establecido neste apartado.
- 14. En ningún caso as entidades deportivas poderán, a título particular, realizar cambios ou cesións do uso da instalación deportiva asignada a outra entidade sen a autorización expresa do Servizo de Instalacións Deportivas. O incumprimento desta norma dará lugar á suspensión inmediata da concesión de uso.
- 15. Calquera variación, modificación e/ou anulación total ou parcial dos usos concedidos deberá ser comunicada mediante o Rexistro Xeral cunha antelación mínima de tres días hábiles, para resolver a petición mediante a súa concesión ou denegación, segundo proceda.

A concesión da autorización de utilización das instalacións aos solicitantes non implicará o uso gratuíto destas, senón que deberán aboarse as taxas establecidas na Ordenanza fiscal nº 22 do Concello de Carballo, reguladora das taxas pola utilización das instalacións deportivas municipais e pola prestación de servizos deportivos.

Aquelas entidades que estean incluídas nos programas de subvención para o fomento da práctica deportiva, relativos aos gastos ordinarios do seu funcionamento, seguirán o réxime de xestión liquidatoria e recadatoria expresamente previsto para elas no artigo 7.6, inciso segundo, da devandita ordenanza.

Sexto.- Criterios de distribución dos usos das instalacións deportivas

1. Como norma xeral, distribuiranse as horas de luns a venres entre aquelas que non estean reservadas pola Concellaría de Deportes para o desenvolvemento das actividades organizadas directamente polo Concello. En determinadas instalacións ofertaranse, ademais, horas os sábados e domingos. A relación das horas ofertadas recóllese no **Anexo II** da presente convocatoria.
2. A asignación das horas realizarase por instalación deportiva e en función do tipo de actividade permitida en cada unha delas. Non se concederán, mediante esta convocatoria, horas a ningún club ou entidade para a realización de actividades que non garden relación cos seus fins estatutarios.
3. Terán carácter preferente no uso das instalacións deportivas os programas deportivos municipais, así como as actividades e competicións que contén coa colaboración do Concello de Carballo.
4. No caso de que sexa necesario, a Concellaría de Deportes poderá propoñer a asignación de horarios diferentes aos solicitados pola entidade.
5. Procurarase asignar o maior número posible de horas dentro das solicitadas. Non obstante, o número de horas concedidas poderá ser inferior cando concorran varias solicitudes para unha mesma franxa horaria. Nestes casos aplicarase o baremo previsto nesta convocatoria e atenderase aos criterios establecidos polo Servizo Municipal de Instalacións Deportivas.
6. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo Municipal de Instalacións Deportivas procederá á súa valoración tendo en conta, entre outros, os seguintes criterios:
 - Adecuación da modalidade deportiva ás características da instalación solicitada.
 - Nivel da competición na que participan os equipos.

- Estabilidade da actividade ao longo do tempo.
 - Número de licenzas deportivas federadas da entidade, valorando especialmente as correspondentes ao deporte base e ao deporte feminino.
 - Dispoñibilidade das instalacións deportivas.
 - Colaboración da entidade nas actividades organizadas pola Área de Deportes do Concello de Carballo durante a tempada anterior.
 - Grao de ocupación e aproveitamento das instalacións durante a tempada anterior.
 - Número de persoas asociadas á entidade.
 - Antigüidade da entidade deportiva.
 - Repercusión social da actividade desenvolvida.
 - Calquera outra circunstancia relacionada coa estrutura organizativa ou co funcionamento da entidade que, a criterio do Servizo Municipal de Instalacións Deportivas, poida resultar relevante para a asignación dos usos.
7. Así mesmo, poderán terse en consideración outras circunstancias relacionadas coa organización das entidades deportivas, as franxas horarias solicitadas, as características específicas de cada modalidade deportiva, tanto individual como colectiva, e calquera outro aspecto que, motivadamente, se considere relevante para unha distribución equilibrada dos usos.
8. O Servizo de Instalacións Deportivas aplicará un baremo para establecer a prioridade das solicitudes segundo os criterios anteriormente indicados. A asignación das horas realizarase atendendo ás categorías dos equipos e ás idades das persoas deportistas, tomando como referencia o número de horas utilizadas durante a tempada anterior.
9. O número de horas concedidas poderá ser inferior ao solicitado cando existan varias peticións para unha mesma franxa horaria. No caso de empate entre dúas ou máis solicitudes coa mesma prioridade, procurarase unha distribución equitativa dos horarios entre as entidades afectadas.
9. Para a asignación dos horarios destinados á celebración de competicións federadas ou encontros amigables durante a tempada teranse en conta os seguintes criterios:
- Nivel da competición.
 - Estabilidade do horario ao longo da tempada.
 - Categoría deportiva dos equipos en relación coa franxa horaria solicitada.
 - En caso de empate, realizarase un sorteo para establecer unha quenda rotatoria.
10. Para a concesión de instalacións destinadas á organización de eventos deportivos ou campus deportivos valoraranse os seguintes aspectos:
- Ámbito territorial da actividade.
 - Carácter da actividade.
 - Antigüidade do evento.
 - Repercusión deportiva e social.
 - Proxección da actividade como elemento de promoción deportiva.

- Nivel deportivo e número de participantes.

Os eventos de nova creación que se soliciten ao longo da tempada deberán presentar unha solicitude específica, que será resolta polo órgano competente mediante a correspondente autorización ou denegación.

6.1. Tipos de actividade:

Nesta convocatoria poderá solicitarse o uso das instalacións deportivas municipais mediante dúas liñas de actuación, en función da actividade que se pretenda desenvolver, durante o período comprendido entre o **1 de setembro de 2026 e o 31 de agosto de 2027**.

LIÑA I. Desenvolvemento de adestramentos e competicións deportivas federadas

A presente liña ten por obxecto a concesión do uso das instalacións deportivas municipais ás entidades deportivas do municipio de Carballo para o desenvolvemento de adestramentos e competicións deportivas federadas durante a tempada 2026/2027.

Poderán ser beneficiarias as entidades deportivas sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria e que estean debidamente inscritas na correspondente federación deportiva da Comunidade Autónoma de Galicia ou, de ser o caso, noutra federación ou asociación deportiva con competición oficialmente regulada, cunha antigüidade mínima de dúas tempadas.

Período de concesión:

Con carácter xeral, a utilización das instalacións deportivas concedidas comprenderá desde o **1 de setembro de 2026 ata o 22 de xuño de 2027**, quedando, en todo caso, condicionada ao calendario anual de apertura e peche das instalacións aprobado polo Servizo de Instalacións Deportivas.

LIÑA II. Organización de eventos deportivos, escolas de verán e campus deportivos

A presente liña ten por obxecto a concesión do uso das instalacións deportivas municipais para a organización de eventos deportivos, escolas de verán e campus deportivos no municipio de Carballo durante a tempada 2026/2027.

Período de concesión

A utilización das instalacións deportivas concedidas poderá comprender o período entre o **1 de setembro de 2026 e o 31 de agosto de 2027**, quedando igualmente condicionada ao calendario anual de apertura e peche das instalacións aprobado polo Servizo de Instalacións Deportivas.

6.2. Horarios de uso instalacións deportivas:

1. Con carácter xeral, os horarios de utilización das instalacións deportivas municipais serán os recollidos no **Anexo II**.
 - Estes horarios poderán sufrir modificacións en función das necesidades do Concello de Carballo.
 - Os horarios das instalacións cuxo uso estea conveniado con outras administracións rexeranse polo establecido nos correspondentes acordos.
2. As entidades beneficiarias da Liña I que precisen datas adicionais, fóra do período concedido, para o inicio ou remate dos adestramentos ou competicións deberán presentar unha solicitude independente desta convocatoria. A petición será valorada polo Servizo de Instalacións Deportivas, que resolverá en función da dispoñibilidade existente.
3. As horas non concedidas ás entidades deportivas para adestramentos e competicións permanecerán dispoñibles para alugueiro ao público en xeral, así como aquelas que

posteriormente queden libres por falta de utilización, sen que iso xere dereito a compensación. Estas reservas tramitaranse conforme ao sistema ordinario de alugueiro previsto na correspondente ordenanza fiscal.

Sétimo.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes:

1. O prazo de presentación de solicitudes para a **Liña I** será de **10 días hábiles**, contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria na páxina web municipal (www.carballo.gal) e no taboleiro de anuncios electrónico do Concello.
2. Para a **Liña II**, as solicitudes deberán presentarse, como mínimo, con **45 días naturais** de antelación ao inicio previsto da actividade.
2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Carballo. Cada entidade só poderá presentar unha única solicitude.
3. As entidades deberán achegar a seguinte documentación:
 - Modelo normalizado de solicitude que figura no **Anexo I**.
 - Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil da entidade e xustificante do seu pagamento.
 - Declaración responsable segundo o modelo do **Anexo III**.
 - Censo actualizado do número de persoas asociadas.
 - Certificado da federación correspondente no que se indique o número de equipos inscritos e o número de licenzas tramitadas en cada unha das categorías para a tempada 2026/2027 ou, de non estaren dispoñibles, para a tempada 2025/2026. Unha vez formalizadas as inscricións e tramitadas as licenzas da tempada 2026/2027, deberá remitirse ao Servizo de Instalacións Deportivas o certificado actualizado.
 - Calendarios de competición da tempada 2026/2027. No caso de non estaren dispoñibles no momento da solicitude, deberán presentarse ao Servizo Municipal de Instalacións Deportivas, como mínimo, quince días antes do inicio da competición.
 - Declaración responsable na que se indique que todas as persoas participantes nas actividades da entidade (incluídas as persoas aspirantes ou en período de proba) dispoñen de licenza federativa ou, no seu defecto, dunha póliza de seguro de accidentes que garanta a asistencia sanitaria coa mesma cobertura que a licenza federativa. No caso de actividades non federadas, deberá achegarse copia da póliza de seguro de accidentes con cobertura sanitaria e o correspondente xustificante de pagamento, con vixencia durante toda a actividade.
 - Relación do persoal ao servizo da entidade, indicando a titulación deportiva, función ou cargo desempeñado e o tipo de relación coa entidade (laboral, voluntariado, xornada, etc.).
 - Calquera outra documentación requirida polo Concello de Carballo.

Oitavo.- Reserva de dereito e extinción da concesión:

1. O Concello de Carballo resérvase o dereito de deixar sen efecto algunha das autorizacións de uso das instalacións deportivas por necesidades da programación municipal ou doutras actividades organizadas polo Concello.
2. A concesión do uso das instalacións deportivas municipais poderá extinguirse polos seguintes motivos:
 - Incumprimento das obrigas establecidas na presente convocatoria ou dos requisitos da

solicitude.

- Comportamento incívico ou antideportivo, reiterado e evidente, por parte de calquera membro da entidade autorizada, a xuízo das persoas responsables da Área de Deportes do Concello de Carballo.
- Baixa asistencia das persoas integrantes da entidade, cando de forma reiterada non se acaden os mínimos de ocupación establecidos para a autorización de uso.

Noveno.- Resolución:

A resolución provisional da concesión de uso das instalacións deportivas publicárase antes do **1 de setembro de 2026**.

Tras a publicación da resolución provisional, as entidades deberán presentar, a través do Rexistro Xeral, a confirmación da aceptación dos horarios concedidos, indicando para cada franxa horaria a categoría do equipo correspondente e o número de persoas participantes en cada adestramento, no prazo máximo de **15 días**.

Posteriormente publicárase a resolución definitiva da concesión de uso das instalacións deportivas para a tempada 2026/2027.

Unha vez publicada a resolución definitiva, as entidades poderán solicitar as horas que permanezan dispoñibles nas instalacións deportivas, sempre que, a criterio do Servizo de Instalacións Deportivas, contribúan a mellorar o seu nivel de ocupación.

O acordo publicárase na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo e notificárase individualmente a cada unha das entidades solicitantes.

No caso de que non se publique a resolución provisional no prazo previsto, continuarán vixentes os horarios correspondentes á tempada 2025/2026.

ANEXO I

SOLICITUDE DE ADESTRAMENTOS OU COMPETICIÓNS DEPORTIVAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA A TEMPADA 2026/2027

Nome e apelidos: (Representante legal)		NIF:
En representación da entidade (Nome completo):		CIF:
Nº RMA do Concello de Carballo:	Nº Rexistro entidades deportivas Xunta de Galicia:.	
Endereito da entidade (a efectos de notificación):		C.P.:

Localidade:	Provincia:		
Correo electrónico:.	Tfno.de contacto:.		
A entidade solicitante conta con instalación propia ou conveniada con outra administración ou entidade		SI	NON

A entidade solicitante declara responsablemente que:	SI	NON
É unha entidade deportiva sen ánimo de lucro		
Desenvolve actividade deportiva regular no Concello de Carballo		
Ten instalación deportiva propia		
Dispón doutras instalacións e réxime de aluguer ou cesión ou por relación con outra entidade		
A actividade está dirixida a persoas de Carballo		

As bases de convocatoria poden descargarse na web municipal ou ben recollerse nas oficinas de Carballo Deporte

Carballo, ____ de _____ de 2026

Asdo dixitalmente

Representante legal da entidade

D/Dª _____

A entidade comprométese a respectar e cumprir o Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das Instalacións Deportivas de titularidade do Concello de Carballo, e solicita a utilización da seguinte instalación deportiva para os grupos de

actividade que se detallan non cadro anexo:

- o Pavillón.....☐
- o Piscina☐
- o Campo de fútbol☐
- o Ximnasio☐

(marcar cun X)

Carballo, _____ de _____ 2026

Asdo.:

SERVIZO MUNICIPAL DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ÁREA DE DEPORTES DO CONCELLO DE CARBALLO

Bases da convocatoria de asignación de usos das instalacións deportivas municipais Tempada 2026 / 2027

1. SOLICITUDE DE ADESTRAMENTOS TEMPADA 2026 / 2027

CATEGORÍA	ENTIDADE		HORARIOS (DÍAS/HORAS)	COMPETICIÓN(DÍAS/ HORAS)	INSTALACIÓN
	ESP. DEPORTIVA	ÁMBITO COMPETICIÓN			

Carballo, ____ de _____ de 2026

Asdo.:

2. SOLICITUDE DE EVENTOS DEPORTIVOS TEMPADA 2026 / 2027

Indicar as necesidades de uso de instalacións deportivas para os eventos previstos durante a tempada 2026/2027.



ENTIDADE:					
ESPECIALIDADE DEPORTIVA:					
NOME DO EVENTO	DESCRIPCIÓN DO EVENTO	DATA	HORARIO	INSTALACIÓN	

Carballo, ____ de _____ de 2026

Asdo.:

ANEXO II

1. HORARIOS DE USO ADESTRAMENTOS

INSTALACIÓN (pavillóns deportivos)	Luns Venres ^a	OBSERVACIÓNS
1. Pavillón Vila de Noia	15:30 – 23:00	
2. Pavillón Carballo Calero	15:30 – 23:00	
3. Pavillón CEIP FOGAR	17:00 – 23:00	
4. Pavillón CEIP XESUS SAN LUÍS ROMERO	16:30 – 23:00	
	10:00 – 14:00	Sábados de 10:00 – 14:00 h. 16:00 – 20:00 h.
5. Pavillón CEIP PLURILIGÜE GÁNDARA SOFÁN	18:00 – 23:00	
6. Pavillón CEIP PLURILINGÜE NÉTOMA RAZO	16:30 – 23:00	
7. Pavillón IES PARGA PONDAL	16:00 – 23:00	os luns a partir das 18:15 h.
8. Pavillón IES MONTE NEME	17:00 – 23:00	os luns a partir das 18:30 h.

INSTALACIÓN (Campos de Fútbol)	Luns Venres ^a	OBSERVACIÓNS
9. Campo de Fútbol As EIROAS (principal)	16:00 – 22:30	
10. Campo de Fútbol AS EIROAS (anexo)	16:00 – 22:30	
11. campo de Fútbol AS EIROAS (fútbol 8)	16:00 – 22:30	
12. Campo de Fútbol O CARRAL-SOFAN	16:00 – 22:30	
13. Campo de Fútbol AS PEDREIRAS-VERDILLO	16:00 – 22:30	

INSTALACIÓN (Piscinas)	Luns Venres ^a	OBSERVACIÓNS
14. Piscina VILA DE NOIA	12:00 – 14:00	Sábado máximo 2 pistas
15. Piscina CARBALLO CALERO	7:30 – 8:30	De luns a venres máximo 3 pistas
	9:00 – 13:30	Sábado máximo 3 pistas
	15:30 – 22:30	De luns a venres Máximo 3 pistas a excepción dos lúns e mércores e venres de 20:30 a 22:30 con 2 pistas

INSTALACIÓN (Sala de Actividades)	Luns Venres ^a	OBSERVACIÓNS
16. Ximnasio CEIP XESÚS SAN LUÍS ROMERO	17:00 – 22:30	
17. Ximnasio 1 CEIP FOGAR	17:00 – 22:30	
18. Ximnasio 2 CEIP FOGAR	17:00 – 22:30	
19. Ximnasio CEIP A CRISTINA	17:00 – 20:00	
20. Ximnasio IES ISIDRO PARGA PONDAL	17:00 – 20:00	

PISTAS POLIDEPORTIVAS EXTERIORES	Luns mércores venres	OBSERVACIÓNS
21. Pistas polideportivas do Chorís	18:00 – 22:00	

2. HORARIOS DE USO COMPETICIÓNS.

INSTALACIÓN (pavillóns deportivos)	Sábados Domingos	OBSERVACIÓNS
1. Pavillón Vila de Noia	10:00 – 14:00 16:00 – 22:00	Domingos tarde pechado
2. Pavillón Carballo Calero	10:00 – 14:00 16:00 – 22:00	Domingos tarde pechado
3. Pavillón CEIP FOGAR	10:00 – 14:00 16:00 – 22:00	Domingos tarde pechado
4. Pavillón IES PARGA PONDAL	10:00 – 14:00 16:00 – 22:00	Domingos tarde pechado
5. Pavillón IES MONTE NEME	10:00 – 14:00 16:00 – 22:00	Domingos tarde pechado

INSTALACIÓN (Campos de Fútbol)	Sábados Domingos	OBSERVACIÓNS
6. Campo de Fútbol As EIROAS (principal)	10:00 – 14:00 16:00 – 22:00	Domingo tarde de 16:00 – 20:00
7. Campo de Fútbol AS EIROAS (anexo)	10:00 – 14:00 16:00 – 22:00	Domingo tarde de 16:00 – 20:00
8. Campo de Fútbol AS EIROAS (Fútbol 8)	10:00 – 14:00 16:00 – 22:00	Domingo tarde de 16:00 – 20:00
9. Campo de Fútbol O CARRAL- SOFAN	10:00 – 14:00 16:00 – 22:00	Domingo tarde de 16:00 – 20:00
10. Campo de Fútbol AS PEDREIRAS-VERDILLO	10:00 – 14:00 16:00 – 22:00	Domingo tarde de 16:00 – 20:00

INSTALACIÓN (Piscinas)	Sábados Domingos	OBSERVACIÓNS
11. Piscina CARBALLO CALERO		Sábados de 16:00 – 22:00 Domingos 9:00 – 15:00

**Puntualmente poderá realizarse competicións en xornada de sábado mañán pero soamente para campionatos absolutos galegos ou de España, que requiran dúas xornadas no día.*

ANEXO III
DECLARACIÓN RESPONSABLE



D/Dª en calidade de presidente da Asociación/Club, con CIF nº..... con sede social en..... e correo electrónico, a efectos de notificacións do Concello de Carballo, actuando na calidade indicada en representación da citada Asociación/Clube.

Tomando como referencia as Bases reguladoras da convocatoria de asignación de usos instalacións deportivas municipais para a actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2026 / 2027, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE

Para os usos que lle sexan concedidos na Resolución da antedita convocatoria, a entidade que representa cumprirá cos requisitos establecidos na normativa vixente, disporá da documentación que así o acredita, por a disposición do Concello cando lle sexa requirida, comprométese a manter o cumprimento das ditas obrigas durante a duración de toda a tempada e, de xeito específico: (marcar cun x)

- ☐ Atopase rexistrada/ou non Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia e no Rexistro Xeral de Asociacións de Carballo como Asociación Deportiva con núm, sendo seu obxecto: (segundo os estatutos):
.....
.....
- ☐ Todo o persoal da entidade que interveña en adestramentos con persoas menores de idade disporá do correspondente certificado que acredite a carencia de delitos de natureza sexual, expedido polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, conforme á Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- ☐ A entidade contará coa subscripción dun contrato de seguro de responsabilidade civil polos danos que se lles poidan ocasionar ás persoas usuarias, a participantes e a calquera outra persoa, como consecuencia da súa actividade deportiva, conforme á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e á Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- ☐ Todas as persoas participantes nas actividades deportivas desenvolvidas pola entidade (incluídas as aspirantes ou en período de proba) disporán de licenza federativa ou, no seu defecto, da cobertura dunha póliza de accidentes que garanta a correspondente asistencia sanitaria, conforme á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- ☐ Todo o persoal da entidade (adestradores/as, coordinadores/as, persoal de apoio) que desenvolva a súa labor nas instalacións deportivas municipais contará coa correspondente licenza federativa.
- ☐ A entidade cumprirá as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social con todo o seu persoal asalariado.
- ☐ Atopase ao corrente das súas obrigacións coa Facenda Pública, da Seguridade Social e co Concello de Carballo.
- ☐ Que conta con póliza de responsabilidade civil en vigor, cunha cobertura mínima de 600.000 euros, subscripción coa Aseguradora....., que cubra os riscos propios da súa actividade durante os períodos autorizados, por seus deportistas así como por terceiros.
- ☐ Incluír os logotipos do Concello de Carballo e de Carballo Deporte imaxen deportiva da Concellería de Deportes en todo o material que utilice.
- ☐ Colaborar coa Concellería de Deportes na difusión da súa modalidade deportiva nas entidades educativas.

- ☐ Participar como voluntarios deportivos, coa presenza dos seus xogadores e técnicos con maioría de idade, en eventos específicos organizados polo Concello de Carballo, así como en actividades e accións de comunicación de especial interese para esta Administración Local, polo menos en dúas ocasións o ano, segundo comunicación detallada pola Área de deportes do Concello de Carballo.

Para a súa tranquilidade e seguridade, informámola/o de que, de conformidade co que dispón a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, pola que se adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude pasarán a formar parte do ficheiro automatizado de datos de carácter persoal cuxa titularidade e responsabilidade lle corresponden xestionar ao Concello da Carballo, con domicilio na Praza do concello s/n.

A persoa abaixo asinante faise responsable da veracidade dos datos asinados

Carballo ____ de _____ 2026

Asdo.:

ANEXO IV. NÚMERO DE LICENZAS DEPORTIVAS ENTIDADES

a) *Para Pavillóns, Campos de Fútbol ou ximnasios:*

CATEGORÍA LICENCIAS	Nº	TEMPADA
Licencias masculinas categorías base		
Licencias femininas categorías base		
Licencias masculinas categorías senior		
Licencias femininas categorías senior		
Licencias masculinas categorías master ou veteranos		
Licencias femininas categorías master ou veteranos		

CATEGORÍA EQUIPOS / GRUPOS	Nº	TEMPADA
Equipos masculinas categorías base		
Equipos femininas categorías base		
Equipos masculinas categorías senior		
Equipos femininas categorías senior		
Equipos masculinas categorías master ou veteranos		
Equipos femininas categorías master ou veteranos		

b) *Para Piscinas*

CATEGORÍA LICENCIAS / DEPORTISTAS	Nº	TEMPADA
Licencias masculinas "Escolas".		
Licencias femininas "Escolas".		
Licencias masculinas categorías de base		
Licencias femininas categorías de base		
Licencias masculinas categoría absoluta		
Licencias femininas categorías absoluta		
Licencias masculinas categorías master.		
Licencias femininas categorías master.		

CATEGORÍA GRUPOS	Nº	TEMPADA
Equipos / grupos masculinas "Escolas".		
Equipos / grupos femininas "Escolas".		
Equipos / grupos masculinas categorías de base		
Equipos / grupos femininas categorías de base		
Equipos / grupos masculinas categoría absoluta		
Equipos / grupos femininas categorías absoluta		
Equipos / grupos masculinas categorías master.		

Declaración da entidade

A entidade deportiva declara que a información facilitada é veraz e que dispón da documentación acreditativa do número de equipos/grupos e licenzas deportivas de cada deportista, comprometéndose a poñela á disposición do Concello cando lle sexa requirida.

Representante da entidade: _____**Cargo:** _____**Data:** ____ / ____ / ____**Sinatura e selo da entidade:** _____

ANEXO V. RELACIÓN DE MONITORES / ADESTRADORES DA ENTIDADE

[illegible]

* *Situación Laboral ca entidade:*

- *Persoal contratado*
- *Persoa traballadora autónomo/a (prestación de servizos)*
- *Persoa voluntario/a*
- *Outros (especificar)*

Declaración da entidade

A entidade deportiva declara que a información facilitada é veraz e que dispón da documentación acreditativa da titulación deportiva e da situación laboral ou vínculo xurídico de cada adestrador/a, comprometéndose a poñela á disposición da Administración cando lle sexa requirida.

Representante da entidade:

Cargo:_____

Data: / /

Sinatura e selo da entidade:

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

José Daniel Pérez López

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretaria

Marina Núñez Orjales